



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CO OBXECTO DE COLABORAR NOS GASTOS DERIVADOS DO EVENTO “LUGO USC, ACTÍVATE PARA O NOVO CURSO! 2022”.

En Lugo e Santiago de Compostela, [data/sinatura dixital]

REUNIDOS

Dunha banda **D. Mauricio Repetto Morbán**, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, con enderezo en Lugo, Praza Maior, nº 1 e CIF p2702800J, en virtude da súa condición de Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes (Área de Cohesión e Dinamización Social) no uso das atribucións que lle son concedidas en virtude do acordo da XGL num. 28/452 adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 17 de xullo de 2019, competencia delegada no Concelleiro de Xuventude e Deportes.

E doutra banda **D. Antonio López Díaz**, actuando en nome e representación da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC), con CIF Q1518001A, na súa calidade de reitor, nomeado mediante Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG 22 de marzo), con sede social no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que teñen conferidas para convenir en nome e representación das institucións que representan.

EXPOÑEN

PRIMEIRO.-

Que o Concello de Lugo ten entre as súas competencias promover actividades e os valores que transmiten, así como a promoción do municipio de Lugo e a súa dinamización na cidade.

Conforme ao artigo 50.1 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público (LRXSP), as Administracións Públicas, os seus organismos autónomos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas competencias, poderán subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado.

Conforme o artigo 82 dos Estatutos da USC, aprobados por Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, publicados no DOG núm. 29 de 12/02/2014, a USC é unha institución pública con personalidade xurídica, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo, con funcións de estudo, docencia, investigación e transferencia de coñecemento, actividades para as que goza de autonomía, de acordo cos seus Estatutos e no marco da lexislación vixente.

Destacan, entre as competencias da USC:

- Procurar a formación integral dos membros da comunidade universitaria mediante a programación e organización de cursos, conferencias e todo tipo de actividades culturais, recreativas e deportivas que poidan contribuír á mellor realización deste obxectivo.



- Potenciar os diversos grupos e asociacións universitarias que desenvolvan actividades estudiantís, culturais e deportivas.
- Proxectar as funcións e os servizos da universidade ao contorno social.
- Atender especialmente á defensa, desenvolvemento e difusión da cultura galega, promovendo as actividades e servizos que contribúan a este fin e mantendo as relacións necesarias coas institucións que teñan o mesmo obxectivo.

Para o mellor desenvolvemento das funcións da USC, esta propiciará o establecemento de relacións con outras universidades, organizacións e institucións, e moi en particular coas de carácter académico, científico e cultura.

SEGUNDO.- ORGANIZACIÓN

Que o Concello de Lugo, en exercicio das súas competencias ten vontade de promover este convenio en virtude do establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local, artigo 25.1: “O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo”.

Así mesmo, o apartado 2 de este mesmo artigo establece que “O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: m) Actividades ou instalacións culturais e deportivas; ocupación do tempo libre; turismo.

TERCEIRO.-

Que ambas as partes coinciden na necesidade de axuntar esforzos para a consecución dos seus respectivos obxectivos e intereses comúns e que, por conseguinte, cren conveniente, por medio deste documento, establecer a coordinación e colaboración respecto ao evento “**LUGO USC, ACTIVATE PARA O NOVO CURSO! 2022/2023**”.

Por todo o exposto ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto de este convenio é a colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a USC para a celebración do evento “**LUGO USC, ACTIVATE PARA O NOVO CURSO! 2022/2023**”.

“VIDA USC, ACTÍVATE PARA O NOVO CURSO! 2022”, é unha actividade para dar a coñecer os servizos e actividades culturais e deportivas dirixidas ao estudiantado ao inicio do novo curso académico. O obxectivo do evento é reactivar a participación estudiantil creando unhas xornadas para que o estudiantado teña acceso a distintas actividades que lle permitan coñecer todo o que ten que ofrecer a USC e a súa contorna.

Ademais de actividades culturais e deportivas, preténdese que as xornadas sexan unha mostra dos servizos á xuventude das institucións locais e autonómicas, das asociacións locais e de outras iniciativas que, polas súas características, contribúan a fortalecer o tecido social das cidades.



O evento “VIDA USC, ACTÍVATE PARA O NOVO CURSO! 2022, está previsto que se celebre os días 13 a 15 de setembro nas cidades de Lugo e Santiago.

As actividades irán dirixidas a estudantado de 18 a 24 anos, e consistirán en actuacións musicais, actividades culturais e deportivas, postos informativos e visitas guiadas

Por bloques de materias, realizaranse, entre outras, as seguintes actividades:

- Área de cultura: obradoiro de fotografía, aula aberta de teatro, aula aberta de danza contemporánea e de baile tradicional.
- Área de deportes: aulas abertas de ioga, defensa persoal, GAP e pilates. Exhibicións de hip-hop e elementos ximnásticos.
- Visitas: Domus do Mitreo, roteiros polo casco histórico de Lugo, roteiros pola arte urbana de Lugo.
- Outras actividades: intercambio linguístico organizado polo Centro de Linguas Modernas, catas na Aula de Produtos Lácteos e presentacións de servizos da USC e da Unidade de Atención Psicolóxica.

Entre as actuacións musicais, están previstas as seguintes:

- RIQUINHA DJ SET (house, dance e funky anos 80 e 90).
- DISCOSLAPLAZA: Martín Vaz e Guillermo Alejandro Cavero son DISCOSLAPLAZA, un dúo de DJs referentes na efervescente escena da electrónica compostelá actual.
- BRATZANTIFA (proxecto musical formado en Galiza por Marina Gonzalez e Lucía Amado, nadas no confinamento e gañadoras do VI concurso de Novos Valores organizado cada ano polo Festigal).
- AS FILLAS DE CASSANDRA (dúas mulleres novas que mesturan as melodías da música tradicional con letras intimistas e reivindicativas).
- GRIMA (proxecto musical formado en Galiza por Laura García ao baixo e Facu Pardo á batería, que se suma á tendencia de formacións mixtas que definen como Metal Dance Progresivo).
- SOM DO GALPOM (grupo galego de “rap orgánico, música xungla e música silveira”, creado en 2005, cun segundo posto no certame GZcrea, gañadores do Foundation Reggae Festival no 2008 e no II Certame Nsaio no Camiño).

Dentro das mostras informativas, encóntrase:

- Oficina de mobilidade: encargase de asesorar e xestionar os programas de mobilidade nacionais e internacionais para o estudantado, o PAS e o PDI.
- Centro de Linguas modernas: imparte formación lingüística; no CLM pode obterse a acreditación lingüística dos niveis requiridos para participar en programas de mobilidade internacional.
- Unidade de atención psicolóxica: comezou a funcionar durante a pandemia para atender á saúde mental do estudantado.
- Participación e integración universitaria: encárgase de informar e xestionar as actividades de voluntariado e participación social do estudantado para favorecer a súa formación integral dende unha visión responsable e comprometida co medio ambiente.

Aínda que en Lugo o nome do evento se personaliza a “LUGO USC”, os materiais e creatividade que se produzan levarán o nome do evento xeral para os dous campus “VIDA USC”.

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS A REALIZAR POR CADA UNHA DAS PARTES ASINANTES DO CONVENIO.

A USC comprométese, colaboradora do evento “LUGO USC, ACTIVATE PARA O NOVO CURSO! 2022”, a atender, en xeral, todas as necesidades para o desenvolvemento do evento nos días anteriores, durante o mesmo e relacionadas coa finalización do mesmo.

En concreto, farase cargo dos seguintes servizos e/ou subministrados. Os horarios e localizacións das actividades están suxeitos a posibles modificacións segundo as condicións meteorolóxicas e necesidades organizativas:

	ACTIVIDADE	COMPROMISOS DA USC
MARTES 13 DE SETEMBRO		
11:00 -12:00	Visita guiada Domus do Mitreo	Xestión, limpeza, seguridade, infraestruturas e guía
12:00 -13:00	Roteiro Coñecendo Lugo zona centro	Xestión
13:30 -14:30	Masterclass de defensa persoal (Pavillón do CIPF Politécnico)	Xestión, persoal deportivo, infraestruturas, limpeza e seguridade
13:00 -14:00	Cata na Aula de Produtos Lácteos	Xestión, persoal, produtos, infraestruturas, limpeza e seguridade
17:00 -18:00	Café das linguas. Intercambio lingüístico na Facultade de Humanidades.	Xestión, persoal CLM, infraestruturas, limpeza e seguridade
18:00- 19:00	Masterclass de ioga (Facultade de Ciencias)	Xestión, persoal deportivo, infraestruturas, limpeza e seguridade
19:00-20:00	Visita guiada Domus do Mitreo	Xestión, limpeza, seguridade, infraestruturas e guía
20:00-21:30	Recunchos do Campus (masterclass aberta de foto e paseo; Saída dende a Biblioteca Intercentros e remata na parte traseira da Fac. de Administración de Dirección de Empresas)	Xestión
21:30 -22:30	Concerto de esterilla baixo as estrelas noite concerto Bratzantifa. Campo detrás da Fac. de ADE	Xestión e contacto cos grupos
MÉRCORES 14 DE SETEMBRO		
11:00 -12:00	Visita guiada Domus do Mitreo	Xestión, limpeza, seguridade, infraestruturas e guía
12:00- 13:00	Apertura postos informativos. Parte lateral da Escola de Relacións Laborais	Xestión e coordinación, limpeza, infraestruturas, persoal deportivo, persoal de servizos, material corporativo e de comunicación

12:15-13:00	Masterclass de pilates. Parte lateral da Escola de Relacións Laborais	Xestión, persoal deportivo, infraestruturas, limpeza e seguridade
13:00- 14:00	Café das linguas. Intercambio lingüístico. Fac. de Humanidades	Xestión, persoal CLM, infraestruturas, limpeza e seguridade
13:15- 14:00	Masterclass de GAP. Parte lateral da Escola de Relacións Laborais	Xestión, persoal deportivo, infraestruturas, limpeza e seguridade
14:00 -16:00	Pinchada pic-nic Riquinha DJ set. Parte lateral da Escola de Relacións Laborais	Xestión e contacto con DJ
16:00-17:00	Masterclass de hip-hop e exhibición (Esc. Gravity). Parte lateral da Escola de Relacións Laborais.	Xestión e contacto coa empresa
17:00-18:00	Exhibición e aula aberta de elementos ximnásticos (Esc. Gravity). Parte lateral da Escola de Relacións Laborais	Xestión e contacto coa empresa
17:00 -17:30	Presentación da Unidade de Atención Psicolóxica. Parte lateral da Escola de Relacións Laborais.	Xestión e contacto coa unidade
17:30- 18:00	Presentación asociacións de estudantes da USC. Parte lateral da Escola de Relacións Laborais	Xestión e contacto coa unidade
18:00-18:30	Mesa redonda coa Delegada de Igualdade. Parte lateral da Escola de Relacións Laborais	Xestión e contacto coa unidade
18:00 -20:00	Roteiro de arte urbana. Cidade de Lugo	Xestión
18:30-19:00	Encontros informativos con clubs deportivos de alto nivel. Parte lateral da Escola de Relacións Laborais	Xestión
19:00-20:00	Aula aberta de baile tradicional. Parte lateral da Escola de Relacións Laborais	Xestión e profesorado
19:00 -20:00	Visita guiada Domus do Mitreo	Xestión, limpeza, seguridade, infraestruturas e guía
20:00 -21:00	Concerto 1 As fillas de Cassadra. Parte lateral da Escola de Relacións Laborais	Xestión e contacto cos grupos
21:00 - 22:00	Concerto 2 Grima. Parte lateral da Escola de Relacións Laborais	Xestión e contacto cos grupos
22:00-23:00	Concerto 3 Son do Galpom.	Xestión e contacto cos grupos
XOVES 15 DE SETEMBRO		
11:00 -12:00	Visita guiada Domus do Mitreo	Xestión, limpeza, seguridade, infraestruturas e guía
12:00 -13:00	Café das linguas. Intercambio lingüístico. Fac. de Humanidades	Xestión, persoal CLM, infraestruturas, limpeza e seguridade
13:00 -14:00	Masterclass de defensa persoal. Residencia Bal y Gay	Xestión, persoal deportivo, infraestruturas, limpeza e seguridade.
13:15- 13:45	Aula aberta de danza contemporánea. Vagoada Fac. veterinaria	Xestión, infraestruturas, limpeza e profesorado

13:15 -14:00	Cata na Aula de Produtos Lácteos	Xestión, persoal, produtos, infraestruturas, limpeza e seguridade
14:00 -16:00	Pinchada pic-nic DISCOSLAPLAZA (Martín Vaz e Guillermo Alejandro Cavero). Fac. de Formación do Profesorado/Fac. de Ciencias	Xestión e contacto con DJ
17:30- 18:30	Masterclass de pilates. Facultade de Administración e Dirección de Empresas	Xestión, persoal deportivo, infraestruturas, limpeza e seguridade
19:00 -20:00	Visita guiada Domus do Mitreo	Xestión, limpeza, seguridade, infraestruturas e guía
20:00 -21:00	Presentación da actividade teatral da USC. Salón de actos da Domus do Mitreo	Xestión, infraestruturas, limpeza e profesorado
21:00 -22:00	Roteiro Lugo nocturno con Guido Guía	Xestión

A USC comprométese así mesmo en que a colaboración do Concello de Lugo constará de forma expresa, pública e permanente na organización do evento, sendo colaborador co logotipo do Concello de Lugo na publicidade do evento, estática, dixital e calquera outra.

O Concello de Lugo, como colaborador do evento “LUGO USC, ACTIVATE PARA O NOVO CURSO! 2022”, comprométese a:

	ACTIVIDADE	COMPROMISOS DO CONCELLO
MARTES 13 DE SETEMBRO		
12:00 -13:00	Roteiro Coñecendo Lugo zona centro	Contratación da persoa que realizará a visita guiada.
13:30 -14:30	Masterclass de defensa persoal (Pavillón do CIFP Politécnico)	Aluguer de altofalante con micro e diadema
18:00- 19:00	Masterclass de ioga (Facultade de Ciencias)	Aluguer de altofalante con micro e diadema
20:00-21:30	Recunchos do Campus (masterclass aberta de foto e paseo; Saída dende a Biblioteca Intercentros e remata na parte traseira da Fac. de Administración de Dirección de Empresas)	Contratación da persoa que realizará o roteiro fotográfico.
21:30 -22:30	Concerto de esterilla noite concerto Bratzantifa. Campo detrás da Fac. de ADE	Financiamento de cachés e parte técnica
MÉRCORES 14 DE SETEMBRO		
12:00- 13:00	Apertura postos informativos. Parte lateral da Escola de Relacións Laborais	Haimas e mobiliario
12:15-13:00	Masterclass de pilates. Parte lateral da Escola de Relacións Laborais	Aluguer de altofalante con micro e diadema

13:15- 14:00	Masterclass de GAP. Parte lateral da Escola de Relacións Labo- rais	Aluguer de altofalante con micro e diadema
14:00 -16:00	Pinchada pic-nic Riquinha DJ set. Parte lateral da Escola de Relacións Labo- rais	Equipo técnico, pago artista , haima ou sombrilla e mesa.
18:00 -20:00	Roteiro de arte urbana. Cidade de Lugo	Contratación da persoa que realizará a visita guiada, proposta: Guido Guía
19:00-20:00	Aula aberta de baile tradicional. Parte lateral da Escola de Relacións Labo- rais	Autofalante
20:00 -21:00	Concerto 1 As fillas de Cassadra. Parte lateral da Escola de Relacións Labo- rais	Financiamento de cachés e parte téc- nica
21:00 - 22:00	Concerto 2 Grima. Parte lateral da Escola de Relacións Labo- rais	Financiamento de cachés e parte téc- nica
22:00-23:00	Concerto 3 Som do galpom	Financiamento de cachés e parte téc- nica
XOVES 15 DE SETEMBRO		
13:00 -14:00	Masterclass de defensa persoal. Residencia Bal y Gay	Aluguer de altofalante con micro e diadema
13:15- 13:45	Aula aberta de danza contemporánea. Vagoada Fac. veterinaria	Autofalante
14:00 -16:00	Pinchada pic-nic DISCOSLAPLAZA (Martín Vaz e Guillermo Alejandro Caveiro). Fac. de Formación do Profesorado/fac . Ciencias	Equipo técnico, haima ou sombrilla e mesa
17:30- 18:30	Masterclass de pilates. Facultade de Administración e Dirección de Empresas	Aluguer de altofalante con micro e diadema
21:00 -22:00	Roteiro Lugo nocturno con Guido Guía	Contratación da persoa que realizará a visita guiada.

Así mesmo, o Concello de Lugo comprométese a:

- Petición de todos os permisos necesarios para levar a cabo o evento e informar á Policía Local e outros Servizos que correspondan.
- Petición de Protección Civil a noite do día 14 no lugar dos concertos.

TERCEIRO.- OBRIGAS E COMPROMISOS ECONÓMICOS

Non existe contraprestación económica entre as partes asinantes do convenio.

As partes asinantes comprométese a financiar os gastos asumidos durante a vixencia do convenio.

Conforme á documentación obrante no expediente as achegas financeiras que se comprometen a realizar os asinantes non son superiores aos gastos derivados da execución do convenio.

CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento estimativo do “LUGO USC, ACTIVATE PARA O NOVO CURSO! 2022/2023” é de **27.878,10 €SEN IVE**, desglosado nas seguintes partidas:

APORTACION DA USC:

Persoal de xestión e produción	3.400,00
Actividades	3.630,00
Limpeza	320,00
Xardinería	399,00
Seguridade	422,00
Subministracións (electricidade extra)	300,00
Cesión de espazos e infraestruturas	5.407,00
Total SEN IVE	13.878,00

APORTACION DO Concello de Lugo

1. Contratacion grupos:

- Caché de concerto nocturno de esterilla: Bratzantifa 500
- Caché DJ SET Riquinha: 250
- Caché DISCOSLAPLAZA (Martín Vaz DJ SET): 250
- Concerto 1: As fillas de Cassandra 700
- Concerto 2: Grima 1500
- Concerto 3: Som do Galpom 1200



2. Tres Roteiros guiados 400 Euros.
3. Roteiro Fotográfico 133,3 Euros.
4. Equipación técnica concertos, pinchadas, infraestrutura e mobiliario, persoal de produción valado e cadro eléctrico: Total: 9.066,8 Euros

Total SEN IVE.....14.000,10€21%
IVE.....2.940,02 €

Total con impostos incluídos: 16.940,12€

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Non hai contraprestación económica entre as partes asinantes do convenio.

SEXTA.- DURACIÓN

Dado que o alcance do presente convenio é en exclusiva a realización do evento “**VIDA USC, ACTÍVATE PARA O NOVO CURSO! 2022/2023**”, o convenio extinguirase tras a clausura do acto, sen prexuízo dos prazos posteriores nos que se deba facer balance do evento, ou aquelas outras cuestións que pola súa natureza requiran un prazo superior.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓN

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo de 4 anos previsto no artigo 49 da LRXSP.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

OITAVA.- EXTINCIÓN E EFECTOS

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incurrir en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da LRXSP e pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación dos mesmos, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52.2 da LRXSP.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da LRXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presenta convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento o responsable/persoal adscrito á Área de Deportes.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na LRXSP. Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- Velar polo cumprimento deste convenio.
- Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións e programas que se vaian emprender ao abeiro do presenta convenio.
- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- En xeral, as que o artigo 49.f da LRXSP lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

As partes comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

DÉCIMA.- SISTEMAS DE COMUNICACIÓN, INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Nos soportes, calquera que sexa o formato empregado (tradicional ou dixital) que aludan ou informen do investimento, actividade ou actuación, incorporaranse os “logotipos” institucionais do Concello de Lugo.

As entidades autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto de este convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- CARÁCTER DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como pola LRXSP e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso-administrativa.

O presente convenio non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.



DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE

Realizar a oportuna publicación no registro de convenios, de conformidade co artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento mediante sinatura electrónica nas datas indicadas.

Asdo.: Don Mauricio Repetto Morbán, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes do Concello de Lugo (Área de Cohesión e Dinamización Social)

Firmado digitalmente por MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN - ***1760** el día 22/08/2022 con un certificado emitido por AC CAMERFIRMA por PERSONAL PERSONS - 2016

LOPEZ (R: Q1518001A)

Fecha: 2022.08.11

15:10:53 +02'00'

Asdo.: Don Antonio López Díaz, reitor da Universidade de Santiago de Compostela.